

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* o día 4 de xullo de 2004.-

## **Eirín a verde**

“*Algunhas veces o camiño se ameniza con fábulas, como o sono se alimenta de soños.*”

(Amin Maalouf. *A viaxe de Baldassare*)

Hai moitos séculos andaba por aí a nadar a fermosa serea Eirín, que lucía unha longa e verde guedella, ata que un día decidiu asentarse nun recuncho do Atlántico, este océano que amamos, e dende ese intre o seu cabelo vai e vén mexido polo devalar dos ventos, das ondas, as correntes e as mareas.

De como a testa de Eirín comezou a poboarse fálase no *Leabhar Gabhála*, o *Libro das Conquistas de Irlanda*, que describe as sucesivas ondados de invasores que conquistaron a illa comezando polo asentamento dunha neta de Noé, deica a chegada de Ith Gael, fillo de Breogán, que albiscou a illa dende unha torre de Brigantia (probablemente a actual Coruña), e se botou ao mar co gallo de conquistala.

En moitas ocasións visitei a verde Eirín (nome que lle deu a Xeración Nós) e sei que a viaxe ideal comeza coa chegada por mar: vento fresco e gaivotas a centos voando á par do barco.

Sempre é un pracer dar un paseo por Dublín, seguindo as pegadas de Joyce, e as de Synge, o dramaturgo, e as de Yeats, o poeta, e, por qué non, tamén as de Molly Malone, unha peixeira que pregoaba berberechos e mexillóns polas rúas e agora ten a súa estatua na cidade. E logo cruzar o río Liffey pola ponte de Ha'penny Bridge á hora do solpor, co ceo tinguido de matices vermellos e as casas das ribeiras tornándose pouco a pouco alaranxadas para acabar tomando unha pinta de cervexa nun pub de Temple Bar, o barrio máis animado. E achegarse a ver as casas

de Merrion Square, construídas no século XVIII polos nobres da cidade seguindo o estilo da Inglaterra xeorxiana: lareiras en tódolos cuartos, zonas para os cativos e para o servizo, balcóns de ferro forxado... No século XIX houberon dividilas por pisos para poder alugalas. Os irlandeses sempre foron os parentes pobres do Imperio.

E despois ir admirar a biblioteca do Trinity College, que garda outra das xoias da illa, o fascinante Libro de Kells, do ano 806, cos Evanxeos manuscritos na máis fermosa caligrafía céltica, para dende alí dirixirse ao parque de St. Stephen's Green, ou ás dúas catedrais, protestantes, por certo, nun país fundamente católico, (a Igrexa de Cristo, que como curiosidade exhibe as momias dunha rata e dun gato, e a de San Patricio, patrón da illa dende logo de cristianizala facendo de paso que fuxiran dela todas as serpes)

Mais cómpre saír da capital para admirar e descubrir as grandes belezas que Irlanda agacha.

Así que comezamos a nosa viaxe avanzando cara os condados de Cork e Kerry, no suroeste, onde nos asentamos no interior dunha "Gaeltacht" (nome que reciben as zonaa onde a fala gaélica está especialmente protexida), nunha aldea que se chama Ballingeary (Béal Atha'n Ghaorthaidh), á entrada da cal se exhibe o pote que entre os anos 1845 e 1848 se usaba para ferver a sopa comunal, porque ninguén debe esquecer a gran fame que asolou o país, e que deixou para sempre marcada a historia de Irlanda (emigración e pobreza, por resumila en dúas palabras).

Pero antes de chegar á aldea paramos en Brú na Bóinne (Newgrange), o monumento megalítico máis grande de Europa, e que ten unha antigüidade de nada menos que cinco mil anos, asentado no val onde as tropas de Guillerme de Orange venceron aos irlandeses para acabar someténdoos ao xugo de Gran Bretaña.

Hai moitas máis marabillas para admirar nunha viaxe polo país dos cabelos de esmeralda, un suxerinte percorrido polas illas de Clare e de Aran e polas terras de Connemara: turbeiras, paisaxes con ovellas que con toda a calma do mundo cruzan estradas, esa imaxe bucólica coa que todos identificamos Irlanda.

Camiño deses lugares atopamos os acantilados de Moher, cunha altura que realmente desafía a vertixe e unha beleza que non parece existir na realidade, e tamén a rexión coñecida polo nome de “The Burren”, un extenso territorio de pedra calcaria, absolutamente ermo e desolado, descrito por Oliver Cromwell en 1640, coma un “territorio salvaxe, onde non se atopa auga abondo para afogar a un home, nin unha árbore para aforcalo, nin sequera terra onde poder enterralo”.

Pero non se pode rematar a viaxe sen achegarse ao Ulster para facer unha visita á Calzada do Xigante, un tramo de costa formado por trinta e sete mil asombrosas columnas de rocha basáltica con aparencia de panal de abellas, construída polo xigante Finn MacCool para ir visitar á súa amada, que vivía nas alongadas terras de Escocia.

E cando abandonemos a illa, e xa esteamos no interior do barco temos que pararnos a respirar fondamente para ollar os cabelos desa serea chamada Eirín que sempre están a mexerse no mar, envoltos na tristura da viaxe que remata.